

Este poema emblemático pertence á obra *Follas Novas* de Rosalía de Castro (1880). **Por ende**, podemos situalo no Rexurdimento (s. XIX) sendo a nosa autora unha das grandes representantes, xunto a Pondal e Curros da recuperación do galego nos ámbitos cultos. Este renacer ven provocado como resposta aos chamados Séculos Escuros (s. XVI, XVII, XVIII) **por mor da** marxinação social e literario da lingua. Os obxectivos dos escritores do Rexurdimento son: mudar a consideración negativa da lingua, ampliar os seus usos, estudar e depuralo idioma e reivindicar o noso pasado histórico. **Asemade**, a obra que inicia este período é *A gaita gallega* de Juan Manuel Pintos; **malia co** salto de calidade dáse con *Cantares Gallegos* (1863) de Rosalía.

Neste caso, “*Negra sombra*” está formado por 4 cuartetos octosílabos de rima tanto consoante como asoante. Ese título é unha evocación á dor que recolle todo o poema. Na composición non se especifica que tipo de dor, creando na *negra sombra* unha figura simbólica na que o lector (destinatario) pode ver reflectido calquera pensamento ou sentimento negativo. **No caso** de Rosalía mentres escribía este libro sufríu a perda de dous dos seus fillos que xunto coa súa mala saúde poden representar esa dor. **Así**, a voz poética fálanos da propia morte ou dunha sensación ou momento vital doloroso.

En relación a isto, todos os recursos estéticos caracterizan esa metáfora. Na primeira estrofa, esa metafórica sombra personificada (pois é quen de burlarse dela) aparece sempre sempre cando se vai a durmir (*Ó pe d'os meus cabezales*, metonimia da cama). **Mais na seguinte estrofa** aparece **do mesmo xeito** a mañá (*N'o mesmo sol te m'amostras*). **Polo que** podemos observar a antítese que se forma entre estes dous momentos do día. Os seguintes versos organízanse baixo un paralelismo. Nestes observamos o movemento da mesma, pois caracterízase como unha estrela que brilla (epíteto) e como o vento que zoa (epíteto **tamén**).

Na terceira estrofa, seguen contruíndose a enumeración baixo o paralelismo simbolizando que esa sombra está en todos os momentos da súa vida: cando cantan (metáfora da ledicia) e cando choran (metáfora da tristura). **Deseguido** continúan mesmo recurso de construción xunto co polisíndeto, para marcar o movemento da sombra que tamén acompaña na noite e na aurora. Nestas figuras establécese a antítese de ledicia-tristura (cantar-chorar) e escuridade- luz (noite-aurora).

Na cuarta conclúe, como xa sinalou nas metáforas e contraposicións anteriores, que “*En todo estás e ti és todo*”, acrecentada coa información que esa sombra está no seu corazón (*en min mesma moras*); **isto é**, non se trata dun mal tanxible, **senón** vive dentro nela. Finaliza cun ton pesimista describindo que ese mal nunca poderá abandonala pois é parte dela. **No último verso** observamos unha estrutura circular **pois** repite o verso 2 introducindo o adverbio *sempre* para recalcar a eternidade desa sombra.

Concluindo a estrofa queremos destacar o verso <*negra sombra que sempre me asombras*> que non só nos achega todo o simbolismo xa visto senón co acompaña cunha grande aliteración. Esta repetición dos sons –o, n e s- encaixa e remarca o matíz de escuridade, rotundidade e movemento- que podemos observar en toda a composición sobre a negra sombra.

Para rematar o comentario, *Follas Novas* foi o último poemario de Rosalía, nel podemos observar dúas temáticas principais: a social de “As viúvas dos vivos e as viúvas dos mortos” e de “Da terra”, onde reivindica os problemas da clase popular como á emigración, os abusos de poder e a falta de interese por Castela; e outra nos libros “Vaguedás” e “Do íntimo” cunha lírica

pesimista sobre a condición humana. Así, este poema sitúase dentro desta última parte comentada.